

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE FAMILIARES E PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL DE GALICIA (FEAFES GALICIA) PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE CAPTACIÓN E ATENCIÓN PRECOZ A FAMILIARES/COIDADORES EN PRIMEIROS EPISODIOS DE ENFERMIDADE MENTAL GRAVE E PERSISTENTE, E COLABORACIÓN NA FORMACIÓN CONTÍNUA DIRIXIDA AOS PROFESIONAIS DE CENTROS SOCIO SANITARIOS VINCULADOS Á CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

1. Que o Servizo Galego de Saúde formalizou con FEAFES GALICIA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que vai desde o día seguinte da súa sinatura ata o 31/12/2018.

2. Que o instrumento convencional ten por obxecto:

- o desenvolvemento dun programa de captación e atención precoz a familiares e coidadores no primeiro episodio/diagnóstico de enfermidade mental grave e persistente no ámbito territorial de actuación da federación, cos seguintes obxectivos:

- Coordinadamente cos profesionais das Unidades de Hospitalización Psiquiátrica e das Unidades de Saúde Mental, captación dos usuarios beneficiarios deste programa e presentación dos servizos que ofrece a federación.

- En colaboración cos profesionais das Unidades de Hospitalización Psiquiátrica e das Unidades de Saúde Mental, por a disposición dos familiares de referencia nos primeiros episodios da enfermidade a un familiar do movemento asociativo e un profesional (licenciado en psicoloxía) que lle ofrezan apoio emocional e información. O apoio poderá ser presencial ou telefónico (teléfono 900 gratuíto)

- Ofrecer de xeito continuado, e en colaboración cos coordinadores das áreas sanitarias, un programa formativo en enfermidade mental para os familiares de referencia no primeiro episodio da enfermidade.

- Intervencións individuais con cada familia, orientadas a dotalas das estratexias e habilidades para afrontar a presenza dunha enfermidade mental grave e crónica na familia e manexar as situacións difíciles derivadas dela.

Ademais, FEAFES Galicia colaborará achegando os seus profesionais nos programas de formación continua dirixido aos profesionais dos centros sociosanitarios receptores de enfermos mentais graves e persistentes. A selección dos devanditos centros farase de xeito coordinado coa Subdirección de Planificación e programación asistencial.

3. Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

4. Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

- no ámbito da nosa comunidade, a prevalencia do trastorno mental persistente e o modelo de atención na saúde mental, prioriza a atención na comunidade e a integración social do enfermo, debéndose levar a cabo programas de achegamento á poboación xeral, e en especial de non discriminación neste colectivo.



- FEAFES Galicia é unha entidade que leva a cabo actividades de axuda e apoio aos enfermos mentais e ás súas familias, tendo como un dos seus fins a información, formación, divulgación e sensibilización social da poboación sobre esta enfermidade.

5. Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

